

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36011579	A Guía	Vigo	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
AFD	Actividades físicas e deportivas	CSAFD02	Acondicionamento físico	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1156	Empresa e iniciativa emprendedora	2024/2025	3	53	63

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARTA RODRIGO GARCÍA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

As persoas que obteñen este título, exercen a súa actividade tanto no ámbito público, xa sexa na Administración Xeral do Estado ou nas administracións autonómicas ou locais, como en entidades de carácter privado, en ximnasios, empresas de servizos deportivos, patronatos deportivos ou entidades deportivas municipais, clubs ou asociacións deportivas, clubs ou asociacións de carácter social, empresas turísticas (hoteles, campings e balnearios, entre outros), grandes empresas con servizos deportivos para os seus empregados, centros xeriátricos ou de carácter social, federacións deportivas ou organismos públicos de deportes (diputacións e direccións xerais de deporte entre outros)

Os sectores produtivos de inserción profesional son o sector do acondicionamento físico, tanto na súa vertente do fitness, como a do wellnes e do deporte.

As ocupacións e postos de traballo máis relevantes son as seguintes:

- a) Entrenador/a de acondicionamento físico nas salas de entrenamiento polivalente de ximnasios ou polideportivos e en instalacións acuáticas.
- b) Entrenador/a de acondicionamento físico para grupos con soporte musical en ximnasios, instalacións acuáticas ou en polideportivos.
- c) Entrenador/a persoal.
- d) Instructor/a de grupos de hidrocinesia e cuidado corporal.
- e) Promotor/a de actividades de acondicionamento físico.
- f) Animador/a de actividades de acondicionamento físico.
- g) Coordinador/a de actividades de acondicionamento físico e de hidrocinesia.
- h) Monitor/a de aeróbic, de step, de ciclo indoor, de fitness acuático e actividades afíns.
- i) Instructor/a das actividades de acondicionamento físico para colectivos especiais.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Iniciativa emprendedora e idea de negocio	Espíritu emprendedor. A idea de negocio. innovación e creatividade. O plan de empresa	12	15
2	A empresa e o seu contorno	O contorno xeral e específico da empresa. Análise DAFO. Responsabilidade social corporativa. Plan de produción. Plan de marketing	25	40
3	Viabilidade económico- financeira	Fontes de financiamento. Obrigas fiscais e contables. Principais documentos de xestión administrativa e comercial	20	35

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
4	Formas xurídicas da empresa	Análise das diferentes formas xurídicas de empresa. Trámites de constitución e posta en marcha. Axudas e subvencións	6	10

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Iniciativa emprendedora e idea de negocio	12

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícase o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos
CA1.2 Analízase o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social
CA1.3 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora
CA1.4 Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector do fitness
CA1.5 Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora
CA1.6 Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade
CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito do acondicionamiento físico, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial
CA1.8 Analízase a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa

4.1.e) Contidos

Contidos
Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade física ou a saúde (materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.).
A cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia.
Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración.
Actuación das persoas emprendedoras no sector do fitness.
O risco como factor inherente á actividade emprendedora.
Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social.
Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas.
Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito do acondicionamento físico.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	A empresa e o seu contorno	25

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego
CA2.2 Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas

Criterios de avaliación
CA2.3 Identifícaronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural
CA2.4 Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico
CA2.5 Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de fitness en función da súa posible localización
CA2.6 Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial
CA2.7 Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada co sector do fitness e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen
CA2.8 Identifícaronse, en empresas de fitness, prácticas que incorporen valores éticos e sociais
CA2.9 Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais
CA2.10 Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais
CA2.11 Describíronse as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa de fitness, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing

4.2.e) Contidos

Contidos
A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións.
Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa de fitness: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa de fitness: clientela, provedores/as, administracións públicas, entidades financeiras e competencia.
Localización da empresa.
A persoa empresarial. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.
Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable.
Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.
Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa.

Contidos
Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Viabilidade económico- financeira	20

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais
CA4.2 Descríronse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa
CA4.3 Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resumos anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionada co sector do fitness, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fiscal (liquidacións tri
CA4.4 Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, notas provisórias e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa de f
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial

4.3.e) Contidos

Contidos
Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector do fitness.
Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.

Contidos
Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e ratios financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa.
Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.
Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.
Ciclo de xestión administrativa nunha empresa de fitness: documentos administrativos e documentos de pagamento.
Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Formas xurídicas da empresa	6

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Analízase o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos que cómpren para desenvolver a actividade empresarial
CA3.2 Analízanse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio
CA3.3 Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector do fitness
CA3.4 Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida
CA3.5 Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa
CA3.6 Identifícanse os trámites exixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica

Crterios de avaliación

CA3.7 Identifícaronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa

CA3.8 Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas de fitness tendo en conta a súa localización

CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións

4.4.e) Contidos**Contidos**

Formas xurídicas das empresas.

Responsabilidade legal do empresario.

A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica.

Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa.

Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa.

Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de fitness.

Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exixibles están definidos no punto anterior.

Criterios de cualificación:

1. A cualificación da avaliación será un valor numérico sen decimais entre 1 e 10. Na acta de avaliación final, a puntuación redondearase por exceso ou defecto segundo se indica máis adiante.

2. Para superar positivamente o módulo é preciso ser "apto", en cada un dos criterios de avaliación marcados como mínimo exixible, é dicir un alumno/a que non realiza positivamente algunha proba/actividade/traballo (marcado como mínimo exixible) proposto en tempo e forma, non superará o módulo.

3. Sen prexuízo das medidas disciplinarias axeitadas, así como os que cometan irregularidades como copiar os contidos dos traballos/tarefas, que chateen ou se adiquen a ver contidos que non teñan relación co módulo nas horas de clase nas que se fan os mesmos co uso de internet, conllevará a expulsión do aula da/o alumna/oe serán calificados como "non apto" nesa proba/traballo/tarefa. Na realización das probas obxectivas queda prohibido o emprego de teléfonos móbiles, tabletas ou calquer dispositivo de comunicación do alumnado co exterior a non ser que o profesor o permita expresamente e aqueles alumnos/as que incorresen en calquera tipo de fraude nas probas obxectivas, obterá unha nota de 0 e terá que presentarse á recuperación de todo o módulo.

4. Se un alumno/a non se presenta a unha proba escrita, a nota da mesma será un cero e fará a recuperación no día que corresponda. Soamente se repetirá o exame e terán a consideración de xustificadas as faltas orixinadas nalgún dos supostos recollidos no artigo 37.3 do Estatuto dos traballadores, así como as derivadas da asistencia a consultas médicas sempre que estean debidamente xustificadas

5. A superación da avaliación posterior NON comprende as anteriores.

A cualificación de cada avaliación calcularase como a media ponderada de:

- Probas teórico-prácticas que suporán o 80% da nota da avaliación. As probas de avaliación consistirán en contestar preguntas relativas aos contidos explicados na clase, podendo alternar cuestionarios de resposta múltiple, cuestionarios pechados e resolución de casos prácticos similares aos realizados durante o desenvolvemento das clases.

En cada proba de avaliación determinarase a puntuación das preguntas e exercicios. No caso de que conteñan preguntas tipo test, indicárase claramente se se penalizan as respostas incorrectas e o seu valor. As preguntas que non sexan respondidas non suporán ningunha penalización. Así mesmo, se o resultado de todas as preguntas da proba é negativo, non se descontará do resto do exame.

En cada avaliación farase polo menos unha proba escrita, podendo establecerse algunha máis en función das características do grupo e grao de dificultade das Unidades de Didácticas a xuízo do profesor. Para superar con éxito cada unha das probas teórico-prácticas deberá obterse unha puntuación mínima de 5 puntos sobre 10.

Será necesario que o alumno/a obteña como mínimo unha puntuación de 5 na proba teórico-práctica ou na media aritmética se se realizan varias, para sumar o resto das puntuacións de cada trimestre, é dicir, sumar a marca das actividades.

A utilización de calquera material auxiliar non permitido durante a proba (chuletas, móbil, auriculares, etc.) ou a realización de calquera actividade inadecuada para este tipo de probas como falar con outro compañeiro, copiar a resposta, etc. suporá o suspenso de toda a avaliación, debendo recuperala, aínda que teñan realizado outra proba parcial na mesma avaliación Neste caso, a nota da avaliación será de 1.

Na determinación das datas das probas teórico-prácticas, o profesor escoitará as preferencias do alumnado. Estas preferencias nunca serán vinculantes e a decisión final de determinar as datas recaerá sempre no profesor.

- Actividades 20%: Para engadir á nota obtida nas actividades será necesario obter polo menos un 5 nas probas obxectivas. As actividades desenvolvidas na aula valoraranse tendo en conta o contido, a exposición, os procedementos empregados, o cumprimento dos prazos, a orixinalidade e o esforzo e interese amosado. Será criterio do profesor penalizar os traballos presentados fóra de prazo, podendo cualificalos cun 0. Así mesmo, será discrecional do profesor ampliar o prazo de entrega se o considera necesario. Aqueles traballos que teñan a consideración de copias ou plaxios calificaranse automaticamente cun 0.

- Ademais da superación das probas obxectivas e actividades, o alumnado deberá realizar e presentar un Proxecto Final de Creación de Empresa que desenvolveran ao longo de curso e obter neste unha cualificación mínima de 5.

Proxecto Final de Creación de Empresa deberá entregarse na forma, data e lugar indicados. A entrega atrasada cualificarase como se fose entregada a tempo, restando á cualificación tantos puntos como días hábiles de atraso. No caso de que existan causas extraordinarias debidamente xustificadas (as mesmas que xustifican a modificación da data dunha proba teórica), que impidan a entrega no prazo, acordarase outra data de entrega.

Aqueles Proxectos que teñan a consideración de copias ou plaxios calificaranse automaticamente cun 0 e o alumno deberá repetir o Proxecto Final de Creación de Empresa, sen prexuízo das correspondentes consecuencias do Regulamento de Réxime Interno.

A non realización do Proxecto Final de Creación de Empresa suporá a non superación do módulo en calquera das convocatorias. O Proxecto Final de Creación de Empresa debe obter unha cualificación mínima de 5.

- A cualificación final do módulo calcularase mediante a seguinte fórmula:

Cualificación final do módulo de EIE= (Cualificación 1ª Avaliación + Cualificación 2ª Avaliación + Cualificación Plan de Empresa)/3

- Xestión dos decimais: Na acta de avaliación final, para o calculo da puntuación gardaranse os decimais obtidos nas distintas avaliacións e redondearase por exceso ou defecto o á cifra máis próxima. Por exemplo, un 6,67 puntuarase como 7, mentres que un 6,41 puntuarase como 6. En caso de equidistancia, puntuarase co número enteiro máis alto. Por exemplo, un 5,5 cualificarase como 6 e non como 5. A excepción á práctica de redondear cara arriba será para as notas entre 4 e 5, xa que automaticamente equivalen a 4. Por exemplo, un 4,78 implica unha nota de 4 e non 5 a pesar de que a cifra está máis preto de 5 que de 4. Non se poderá redondear ata o seguinte número enteiro se non se obtivo unha nota superior a cinco puntos.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais, programaranse actividades de recuperación consistentes no repaso das probas, actividades de aula e traballos, e realizarán no mes de marzo unha proba final de carácter teórico-práctico, que tratará sobre os contidos mínimos do módulo non superados. A súa recuperación requirirá:

- A cualificación positiva na proba obxectiva (obter unha puntuación de 5 puntos sobre un total de 10, ou nunha proporción equivalente). Nela examínase cada avaliación suspensa, ben por separado, ben mediante un único exame no que se avalían as avaliacións pendentes.

- De ser o caso, a presentación, ao profesorado, en tempo, lugar e forma, das actividades de recuperación propostas.

Para o cálculo de nota final, ademais das notas das avaliacións parciais, os estudantes deben entregar o Proxecto final de Creación de Empresa que supor 1/3 da nota final. Aqueles alumnos que non superen o módulo na dita proba final por avaliacións, acudirán no mes de xuño a unha proba que abarcará todos os contidos da materia, debendo examinarse en ambas as avaliacións. A cualificación deste será de 0 a 10 e. Suporá 2/3 da nota final. O outro 1/3 corresponderá á nota obtida no proxecto Final da creación de Empresa, cuxa cualificación se manterá se superou en marzo ou deberá entregarse na forma, data e lugar indicados e obter unha nota mínima de 5 para aprobar. A non realización do proxecto suporá a non superación do módulo en calquera das convocatorias.

Excepcionalmente, se as circunstancias o aconsellan, o profesorado poderá determinar que os alumnos se presenten ao exame no mes de xuño só para as avaliacións suspensas, debendo, neste caso, obter polo

menos un 5 en cada unha delas para poder facer unha media coa/s avaliación/s que superara/s en marzo e aplicar 1/3 do proxecto de empresa.

Calquera detección de fraude na realización da proba levará á expulsión do alumno e cualificación de "non apto" na proba. Queda prohibido o uso de teléfonos móbiles, tabletas ou calquera outro medio de comunicación do alumnado co exterior.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Os estudantes que superen a porcentaxe de faltas á clase, legalmente establecida, perderán o dereito á avaliación continua. Isto é, cando superen o 10% de faltas de asistencia no xustificadas, que no módulo de EIE equivale a 6 horas ou 7 sesións de 50 minutos.

A perda do dereito á avaliación continua supón que se pode seguir asistindo a clase pero para ser avaliado o alumno/a terá que realizar unha avaliación extraordinaria. O estudante con perda non poderá entregarlle á profesora as actividades programadas para a súa corrección, nin presentarse nin entregar as probas escritas teórico-prácticas para a súa corrección por parte do profesor.

A avaliación extraordinaria consistirá na realización dunha proba que constará dunha parte teórica e dunha parte práctica sobre os contidos do módulo que suporá 2/3 da nota final do módulo:

- A parte teórica: poderá incluír cuestións de diferente tipo: tipo test ou de resposta curta.
- A parte práctica: consistirá en resolver diferentes supostos relacionados cos contidos do módulo.

A cualificación obtida nesta proba suporá o 100% da nota da avaliación correspondente, non aplicando as porcentaxes do 80% en probas obxectivas, e 20% actividades. Para a cualificación positiva na proba de avaliación extraordinaria hai que ter un mínimo de 5 puntos (dun total de 10) en cada parte da mesma.

Ademais, deberá facer entrega, do Proxecto Final de Creación de Empresa, que suporá 1/3 da nota final. A non realización do proxecto suporá a non superación do módulo.

Os resultados e aprendizaxe, e polo tanto os criterios de avaliación, serán os mesmos que para o resto do alumnado que se examine de forma ordinaria.

Co fin de facilitar o estudo do alumnado non asistente, establécese como guía de estudo o manual EIE 360 da Editorial Editec e os apuntamentos da aula virtual.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Os principais indicadores do grao do cumprimento da programación serán:

- O grao de cumprimento da temporalización.
- O logro dos obxectivos programados.
- Os resultados académicos acadados.

Para a avaliación da práctica docente recabarase información a través de cuestionarios periódicos pasados aos alumnos nos que se solicitará valoración sobre a metodoloxía e aspectos relativos á docencia, a forma

de traballo na aula e no taller, técnicas de avaliación, así como cuestións que indiquen se se acadaron os obxectivos das distintas unidades didácticas.

Esta programación será obxecto de avaliación en si mesma coa finalidade de comprobar a eficacia e a validez desta proposta curricular, así como establecer modificacións de mellora de cara ao vindeiro curso. Para a elaboración desta programación partiuse dunha avaliación inicial: tendo en conta a información previa do alumnado ao que vai dirixida, o centro, o currículo do ciclo, o calendario escolar para este curso, os recursos e medios dispoñibles.

A avaliación levarase a cabo de xeito continuo e simultáneo respecto á súa posta en práctica o que permitirá a modificación da programación no momento en que se detecte a necesidade de axustarse á realidade da aula e do grupo. Con carácter mensual farase constar nas actas do departamento a valoración do seguimento da programación. O seguimento reflectirase na aplicación informática web de xestión das programacións.

Ao final do curso farase unha avaliación sumativa na que se valore o axuste de todos os elementos curriculares propostos nesta programación e as conclusións desta avaliación final recolleranse nun documento que formará parte da memoria do ciclo.

O seguimento e a avaliación será realizada polo profesor do Módulo, e, nas súas conclusións terá en conta a valoración feita polo propio alumnado

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo do curso levarase a cabo unha avaliación inicial, co obxectivo de saber cales son os coñecementos previos e dos alumnos e alumnas e poder axustar a intervención educativa ao grupo.

Para realizar esta avaliación inicial dos coñecementos previos do alumnado utilizaranse os seguintes instrumentos:

- Cuestionarios nos que o alumnado exprese os seus coñecementos e opinións e posterior posta en común e debate.
- Preguntas sobre artigos de prensa ou textos para coñecer o grao de comprensión de textos, a capacidade análise e síntese
- Manexo de medios informáticos (internet, procesador de textos...) para coñecer o grao de competencia.

Esta avaliación inicial tamén levarase a cabo ao comezo de cada unidade didáctica, referida aos coñecementos e actitudes previas sobre os contidos concretos da unidade. Neste momento empregaremos tamén a sondaxe e o torbellinos de ideas.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Polo que se refire á atención á diversidade, non existe notificación de ningún alumno/a que vaia precisar medidas extraordinarias de atención. De calquera xeito ao longo do curso iranse adoptando as medidas de reforzo que se consideren necesarias para os alumnos ou alumnas que o precisen.

Deste modo podemos describir as seguintes medidas de reforzo con carácter xeral:

-Propoñer diversas actividades diferenciadas en grao de dificultade e complexidade para traballar o mesmo contido, garantindo sempre a adquisición dos mínimos esixibles.

Para os alumnos que o precisen, repetición individualizada dalgunhas explicacións, elaboración de materiais específicos que faciliten a comprensión e consecución de pequenos logros como elementos de motivación.

- Adaptación aos ritmos e tempos tanto do grupo como individuais, axustando a temporalización das unidades de traballo.

Cando a profesora considere necesario poderá ampliar o prazo de realización e entrega de tarefas para os alumnos que presenten dificultades -Ter en conta os intereses do alumnado sen perder de vista a funcionalidade das aprendizaxes.

-Crear un ambiente de traballo cooperativo, de axuda mutua, e formar equipos de traballo que integren a alumnas/os con diversidade de intereses, motivacións e capacidades.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Os alumnos e alumnas deben ser capaces de facer un xuízo crítico sobre a realidade social, construír de forma libre e racional o seu propio sistema de valores e actuar en consecuencia.

Polo tanto, os temas transversais teñen como finalidade contribuír a desenvolver nos alumnos as capacidades necesarias para inserirse como cidadáns, de modo activo e crítico, na sociedade na que viven

Dentro da dinámica xeral do proceso de ensino e aprendizaxe traballaranse os seguintes contidos relacionados coa educación en valores:

- A iniciativa individual e a responsabilidade.

- A igualdade de dereitos e oportunidades entre os sexos, o rexeitamento a todo tipo de discriminacións.

- A diversidade como un valor enriquecedor: no respecto ás ideas, opinións e ideoloxías dos compañeiros/as, a valoración das achegas dos compañeiros/as e o traballo en equipos, fomentando hábitos de comportamento democrático.

- Educación para a saúde e a educación ambiental, especialmente dentro do tema da responsabilidade social empresarial

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Á marxe das actividades de ensino-aprendizaxe diseñadas para cada unha das unidades didácticas, cómpre describir outras actividades que se diferenzan de aquelas polos recursos, tempos e espazos necesarias para o seu desenvolvemento: actividades complementarias e extraescolares.

A intención de programar este tipo de actividades no módulo de EIE é completar a formación do alumnado, achegando á realidade social, escoitando outras voces á marxe da do profesor, coñecendo de primeira man os recursos cos que contarán como emprendedores ou empresarios. Por outra parte, co gallo da concesión do Aula de Emprendemento, este ano, van desenvolverse diversas actividades e obradoiros relacionados co módulo, de creación de ideas, de marketing dixital, realización dunha feira do emprendemento, visitar algunha empresa ou viveiro...

A continuación defínense ambos tipos de actividades, enumerando algunhas das que poden ser programadas polo departamento para ser levadas a cabo durante o curso escolar:

Actividades complementarias: realízanse co alumnado en horario lectivo e, formando parte da programación, teñen un carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan.

- Realización de obradoiros nas diferentes fases do Design Thinking (habilidades emprendedoras, creación de ideas, avaliación, Model Business Canvas, comunicación do Proxecto Final de Creación de Empresa...)
- Participación en concursos de emprendemento: ElevaTV e DepoEmprende.
- O reto dos 5 e o xardín do emprendemento.

4. Outras complementarias propostas pola Coordinadora de Emprendemento, Dirección, Xefe de Dpto da familia profesional ou Titor do grupo

Actividades extraescolares: son aquelas organizadas polo centro, que deben figurar na programación xeral anual, e que se realizan fóra de horario lectivo e de forma voluntaria. (Proposta):

- Feiras e empresas do sector profesional